



A photograph of a crowd of people at a social gathering, possibly a concert or festival, with blue and green stage lighting in the background. A large yellow rectangular box is overlaid on the upper half of the image, containing bold black text. The bottom of the image shows the backs of several people's heads and shoulders, suggesting they are looking towards the event.

**CANDO A VIVENDA SE CONVERTE EN
NEGOCIO, OS DEREITOS HUMANOS
QUEDAN EN DESFIUZAMENTO**

COMUNICADO COTSG



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



A ESPECULACIÓN INMOBILIARIA E O AVANCE DOS FONDOS INVESTIDORES SOBRE O MERCADO RESIDENCIAL ESTÁN A TRANSFORMAR UN DEREITO FUNDAMENTAL NUN BEN DE MERCADO INACCESIBLE. DESDE O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA (COTSG) REAFIRMAMOS O NOSO COMPROMISO COA DEFENSA DOS DEREITOS SOCIAIS E A XUSTIZA DISTRIBUTIVA.

A CRISE DA VIVENDA NON É UN FALLO INDIVIDUAL: É UNHA PROBLEMÁTICA ESTRUCTURAL QUE REQUIRE UNHA RESPOSTA PÚBLICA E UN POSICIONAMENTO FIRME.

COMUNICADO COTSG

OS RETOS DO TRABALLO SOCIAL ANTE A EMERXENCIA HABITACIONAL

- **O TRABALLO SOCIAL NON PODE LIMITAR A SÚA FUNCIÓN A XESTIONAR A VULNERABILIDADE OU A AMORTECER O IMPACTO DOS DESFIUZAMENTOS. A NOSA PROFESIÓN TEN O MANDATO ÉTICO DE DENUNCIAR AS CAUSAS ESTRUCTURAIS DA DESIGUALDADE E ESIXIR LEXISLACIÓNS QUE PROTEXAN A POBOACIÓN FRONTE Á LÓXICA DO BENEFICIO FINANCEIRO.**
- **A FALTA DE ACCESO A UN FOGAR ESTABLE XERA DINAMISMOS DE EXCLUSIÓN SEVERA, AFECTANDO DE XEITO DIRECTO Á SAÚDE MENTAL, Á INFANCIA E Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS MAIORES. A PRECARIZACIÓN HABITACIONAL DESESTRUCTURA AS REDES DE APOIO E OS PROXECTOS DE VIDA.**
- **AS PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL ENFRONTÁMONOS DIARIAMENTE AO ESGOTAMENTO DAS FERRAMENTAS PÚBLICAS. SEN UN PARQUE DE VIVENDA PROTEXIDA REAL NIN MEDIDAS EFICAZMENTE REGULADORAS, A INTERVENCIÓN SOCIAL QUEDA REDUCIDA A UNHA XESTIÓN DA EMERXENCIA PERMANENTE.**

COMUNICADO COTSG

REIVINDICACIÓNS DO COTSG:

- **GARANTÍA DO DEREITO AO FOGAR:** A VIVENDA DEBE SER TRATADA COMO UN ALICERCE DO BENESTAR, AO MESMO NIVEL QUE A SANIDADE OU A EDUCACIÓN.
- **CONTROL DA ESPECULACIÓN:** REGULAMENTOS EFECTIVOS QUE IMPIDAN QUE O CAPITAL FINANCEIRO E OS FONDOS DE INVESTIMENTO CONDICIONEN O ACCESO Á VIVENDA.
- **REFORZO DAS POLÍTICAS PÚBLICAS:** CREACIÓN URGENTE DE PARQUE PÚBLICO DE VIVENDA EN ALUGUEIRO SOCIAL E ALTERNATIVAS HABITACIONAIS INMEDIATAS ANTE CALQUERA VULNERABILIDADE.

SEN VIVENDA DIGNA NON HAI XUSTIZA SOCIAL NIN DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO POSIBLE.

COMUNICADO COTSG